

Confianza empresarial. Primeiro trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No primeiro trimestre de 2010 a confianza empresarial aumenta 6,8 puntos con respecto ao trimestre anterior

A confianza empresarial por sectores

Os datos do primeiro trimestre de 2010 do “Índice de confianza empresarial”, elaborado polo Instituto Galego de Estatística, reflicten que o indicador total¹ aumenta en 6,8 puntos con respecto ao trimestre anterior, pasando de -25,5 a -18,7.

Por sectores, a construción é o que presenta unha tendencia máis favorable; incrementándose 14,2 puntos ao pasar de -32,5 a -18,3. O comercio polo miúdo aumentou 7,6 puntos, o resto de servizos 5,4 e a industria 5,1 puntos.

ÍNDICE GALEGO DE CONFIANZA EMPRESARIAL (IGACE)

Ano	Trimestre	ÍNDICE XERAL	POR SECTORES			
			Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2007						
	I	22,8	18,8	17,6	15,2	26,2
	II	14,8	10,4	18,6	11,1	15,7
	III	6,7	2,3	1,4	6,0	9,7
	IV	-6,1	-7,9	-14,7	-11,7	-2,7
2008						
	I	-12,2	-10,6	-18,7	-8,8	-11,3
	II	-23,5	-22,8	-26,7	-25,9	-22,6
	III	-34,3	-39,2	-31,5	-27,2	-34,1
	IV	-43,4	-48,1	-44,0	-38,9	-42,1
2009						
	I	-34,9	-37,1	-27,1	-36,7	-36,1
	II	-27,6	-26,9	-30,5	-27,6	-27,1
	III	-28,9	-29,4	-42,1	-23,7	-25,8
	IV	-25,5	-26,2	-32,5	-21,8	-23,9
2010						
	I	-18,7	-21,1	-18,3	-14,2	-18,5

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais. Datos de 2007-2008 recalculados polo cambio da CNAE-2009 e nova estratificación

¹ O indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios

Previsións para o segundo trimestre do ano 2010

En canto ás previsións dos empresarios para o segundo trimestre do ano 2010, máis da metade consideran que se manterá estable o resultado neto da explotación (50,7%), o emprego (64,1%) e o nivel de investimentos (69,6%).

PREVISIÓN DOS EMPRESARIOS PARA O SEGUNDO TRIMESTRE DE 2010

Unidade: porcentaxe de empresas

Sector	Variable	Incremento	Estabilidade	Diminución
Total	Resultado neto explotación	12,2	50,7	37,1
	Emprego	7,8	64,1	28,2
	Investimentos	7,6	69,6	22,8
Industria	Resultado neto explotación	12,2	50,9	36,9
	Emprego	2,9	65,7	31,4
	Investimentos	5,9	66,3	27,8
Construción	Resultado neto explotación	7,0	46,8	46,2
	Emprego	9,4	50,1	40,5
	Investimentos	1,4	72,6	26,0
Comercio polo miúdo	Resultado neto explotación	13,4	39,4	47,3
	Emprego	8,2	64,3	27,5
	Investimentos	13,5	54,1	32,4
Resto de servizos	Resultado neto explotación	13,6	54,2	32,2
	Emprego	9,1	68,0	22,9
	Investimentos	9,2	73,0	17,8

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_confianza_empresarial_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>